



**AO COIDADO DO DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
CONSELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.**

Nun escrito remitido a esa Dirección Xeral con data 5 de xullo desde a CIG-Ensino alertabamos da actuación do inspector do CIFP A Xunqueira de Pontevedra ao pretender impedir que fose profesorado con atribución docente para impartir os módulos bloques comúns da FP Básica quen continuase con ese labor, tendo tomado a decisión de que fose profesorado das especialidades específicas da FP quen o fixese, en contra da propia lexislación (*).

Como ben sabe, ese foi tamén tema de debate na Mesa Sectorial do día 18 de xullo a instancias desta organización sindical.

Vimos de comprobar na resolución definitiva dos destinos provisionais para o curso 2017/18 que as vacantes que se ofertaban incorrectamente da especialidade de Procedementos e Procesos de Madeira e Moble no CIFP A Xunqueira xa non aparecen vinculadas a eses ámbitos.

Sen embargo chámanos a atención que, desde esa Dirección Xeral e desde a propia Inspección Educativa, non se fixo ningún tipo de control sobre algo que desde a CIG-Ensino lle demandabamos no mesmo escrito, e que lle reproducimos a continuación:

"Descoñecemos se esa decisión do inspector do centro [do CIFP A Xunqueira] é exclusivamente persoal ou se existen outros membros da inspección que teñan tomada unha decisión semellante. De ser así, instamos á Consellaría a dar as oportunas instrucións para que estas actuacións non teñan lugar e se adxudiquen as cargas lectivas dos módulos comúns a quen corresponde".

Pois ben, vimos de comprobar como na resolución definitiva do CADP colgada na web da Consellaría o venres 7 de setembro aparecen un número importante de vacantes con perfís de idénticas características ás que denunciemos no CIFP A Xunqueira. É obvio, por tanto, que non se fixo ningún tipo de control sobre eses perfís.

Tamén se adxudican determinadas prazas coa información de que impartirán ámbitos propios da FP Básica a especialidades propias da ESO e o Bacharelato que non teñen atribución docente e que, obviamente se están tratando, como xa denunciemos na Mesa Sectorial como afíns encubertas.

Tendo en conta toda esta información, solicitamos, unha vez máis, a esa Dirección Xeral que dea as instrucións pertinentes á inspección educativa e aos centros docentes para o cumprimento da normativa oficial sobre a impartición destes bloques comúns ao profesorado con atribución docente, eximindo desa obriga ás persoas a quen se lle adxudicou esas vacantes, ao entendermos que de non ser así estaríamos diante dunha actuación sen cobertura legal permitida pola propia administración educativa.

Sen mais, reciba un saúdo.

Compostela, 11 setembro 2017



Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino

(*) Lexislación de aplicación para a impartición dos módulos dos bloques comúns da FP Básica

Artigo 20 do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, se aproban catorce títulos profesionais básicos, se fixan os seus currículos básicos e se modifica o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 30 do DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

Anexo VI do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, segundo a nova redacción que figura no artigo primeiro apartado sete do Real Decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato, a Formación Profesional e os ensinos de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de Ensino Secundario

**DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
CONSELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.**

ANEXO COAS ADXUDICACIÓNS DE ESPECIALIDADES SEN ATRIBUCIÓN DOCENTE NOS MÓDULOS DE BLOQUES COMÚNS DA FP BÁSICA

I. ADXUDICACIÓNS DE MÓDULOS DE FP BÁSICA A ESPECIALIDADES PROPIAS DA FORMACIÓN PROFESIONAL SEN ATRIBUCIÓN DOCENTE PARA IMPARTIR OS BLOQUES COMÚNS DA FP BÁSICA.

MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS

36019669-IES Armando Cotarelo Valledor (Vilagarcía de Arousa) 590101- Administración de empresas | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas

36015101-IES da Cañiza (A Cañiza) 590101- Administración de empresas | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas

5 prazas 36013448-CIFP Manuel Antonio (Vigo) 590102-Análise e química | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas (unha delas con Afín: 591208)

36019414-IES A Basella (Vilagarcía de Arousa) 590102-Análise e química | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas

15025645-IES Ricardo Carballo Calero (Ferrol) 590103-Asesoría e procesos de imaxe persoal | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas

32015050-CIFP A Farixa (Ourense) 590104-Construcións civís e edificacións | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas

36011579-IES A Guía (Vigo) 590105-Formación e orientación laboral | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas Afíns: 590006|591221

2 prazas 36020064-CIFP Carlos Oroza (Pontevedra) 590106-Hostalaría e turismo | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas Afíns: 590006|590008

32016431-IES San Mamede (Maceda) 590107-Informática | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas

2 prazas 32008902-CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel (Ourense) 590107-Informática | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas

15006778-CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro (Ferrol) 590107-Informática | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas Afíns: 590006

36014568-CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo) 590111-Organización e proc. de mantemento de vehículos | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas

36014568-CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo) 591205-Instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluídos | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas Afíns: 590113|591206

15005269-IES Urbano Lugrís (A Coruña) 590112-Organización e proxectos de fabricación mecánica | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas Afíns: 590006|590008

15002591-IES Monte Neme (Carballo) 591205-Instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluídos | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas Afíns: 590011

36015101-IES da Cañiza (A Cañiza) 591222-Procesos de xestión administrativa | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas

15001148-IES As Mariñas (Betanzos) 591206-Instalacións electrotécnicas | Ámbito: Ámbito Científico e Matemático Afíns: 590019

2 prazas 36002359-IES Antón Losada Diéguez (A Estrada) 591209-Mantemento de vehículos | Ámbito: Ámbito Científico – Tecnolóxico Afíns: 590019

32013582-IES García-Barbón (Verín) 591211-Mecanizado e mantemento de máquinas | Ámbito: Ámbito Científico – Tecnolóxico Afíns: 590019

36017201-CEE Príncipe Felipe (Pontevedra) 591216-Operacións de produción agraria | Ámbito: Ámbito Científico – Tecnolóxico

36017201-CEE Príncipe Felipe (Pontevedra) 591223-Produción de artes gráficas | Ámbito: Ámbito Científico - Tecnolóxico

MÓDULO DE COMUNICACIÓN E SOCIEDADE

36013448-CIFP Manuel Antonio (Vigo) 590120-Procesos e produtos de téxtil, confección e pel | Ámbito: Módulo de Comunicación e Sociedade. Perfil Bilingüe Inglés. Afíns: 590011

36013448-CIFP Manuel Antonio (Vigo) 590106-Hostalaría e turismo | Ámbito: Módulo de Comunicación e Sociedade.

32015050-CIFP A Farixa (Ourense) 590105-Formación e orientación laboral | Ámbito: Módulo de Comunicación e Sociedade

32015050-CIFP A Farixa (Ourense) 590105-Formación e orientación laboral | Ámbito: Módulo de Comunicación e Sociedade

II. ADXUDICACIÓNS DE AFÍNS ENCUBERTAS AO ASIGNAR MÓDULOS DE FP BÁSICA A ESPECIALIDADES PROPIAS DA ESO E O BACHARELATO SEN ATRIBUCIÓN DOCENTE PARA IMPARTIR OS BLOQUES COMÚNS DA FP BÁSICA.

15025645-IES Ricardo Carballo Calero (Ferrol) 590017-Educación física | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicada Afíns: 590008

36020337-IES de Salvaterra de Miño (Salvaterra de Miño) 590016-Música | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas Afíns: 590009

27013636-IES María Sarmiento (Viveiro) 590009-Debuxo | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas

36024781-IES do Barral (Ponteareas) 590061-Economía | Ámbito: Módulo de Comunicación e Sociedade

15032081-IES de Fene (Fene) 590061-Economía | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas Afíns: 590005| 590006

32013582-IES García-Barbón (Verín) 590061-Economía | Ámbito: Módulo de Ciencias Aplicadas Afíns: 590006

36014489-CIFP A Xunqueira (Pontevedra) 590007-Física e química | Ámbito: Módulo de Comunicación e Sociedade Afíns: 590011

36015101-IES da Cañiza (A Cañiza) 590001-Filosofía | Ámbito: Módulo de Comunicación e Sociedade